A presidenta do Parlamento recibiu no seu despacho ao cónsul xeral do Uruguai en Santiago, Gonzalo Koncke

PILAR ROJO AGRADECE A ACOLLIDA BRINDADA POR URUGUAI AOS EMIGRANTES GALEGOS EN TEMPOS DIFÍCILES E SINALA A ESE PAÍS COMO "EXEMPLO DE INTEGRACIÓN"

Santiago, 18 de xuño de 2009.- A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, agradeceu hoxe a acollida brindada por Uruguai, no seu momento, aos milleiros de galegos que, en tempos difíciles emigraron a aquel país, onde se lles brindou a oportunidade de iniciar unha nova vida. Así o trasladou Pilar Rojo ao cónsul xeral da República Oriental do Uruguai en Santiago de Compostela, Gonzalo Koncke Pizzorno, ao que recibiu no despacho da Presidencia do Parlamento.

Piar Rojo considera que décadas despois dese fenómeno migratorio, "Uruguai segue a ser un exemplo de integración dos nosos paisanos na sociedade de aquel país, sen que por iso teñan perdido o contacto con Galicia, como acreditan as diferentes sociedades galegas que continúan desenvolvendo unha inxente tarefa en diferentes ámbitos, moi especialmente nos aspectos culturais e asistenciais".

A presidenta do Parlamento agradeceu a visita do diplomático urugualo á Cámara galega, ao tempo que lle desexou "moita sorte para vostede e para todos os uruguaios".

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Departamento de Prensa: Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia
Tel. 981 551 329 – Fax.: 981 551 400; e-mail: carlos.varela.castineiras@parlamentodegalicia.es